

## Tradución

### *Conformitat* de 'Víctor Català'

#### *Conformidade* de 'Víctor Català'

Juan M. RIBERA LLOPIS

María Asunción CANAL COVELO

Universidad Complutense de Madrid

Caterina Albert i Paradís (1869-1966) asinou co pseudónimo 'Víctor Català' un corpus literario asentado esteticamente nas coordenadas mixtas da 'Fin de Siècle' europea e do 'Modernisme' catalán. Composto por poesía, monólogos teatrais ou prosas rememorativas, é fundamentalmente a súa produción como narradora, con dúas novelas e nove volumes de relatos entre 1902 y 1951, a escrita coa que se converteu nun dos nomes canónicos para as letras catalás contemporáneas. Transcendendo as compoñentes de orixe decimonónica recoñecibles na súa prosa desde uns presupostos creativos finiseculares, a escritora potenciou as vertentes simbolista e expresionista. Instalados así e como lectores da súa obra nunha xeografía narrativa fundamentalmente rural, habitada por fortes caracteres e convulsas existenciais, Albert-Català propicianos desde os seus contornos ampurdaneses un medio e unha tipoloxía de alcance universal que, non poucas veces, fraterniza en tal horizonte coa andadura do imaxinario galaico de Ramón M. del Valle Inclán. A súa novela fundamental, *Solitud* (1905), é unha mostra deses resortes creativos, potenciadores ademais neste e noutros tantos títulos seus dunha ollada e unha apreciación femininas do mundo que a situou na matriz da literatura escrita por mulleres en lingua catalá. Coa presente tradución de *Conformitat* (*Ombrívoles*, 1904), desexamos incorporala á lingua galega á que, atreveríámonos a confirmar, sindanon fora vertida.

Les campanes brandaven lentament, planyívola-ment, amb llargs tocs espaiats i tristos que omplien el cor d'angoixa. Semblava que el campaner fos un artista que sabés remoure el caliu d'amor que hi ha en el fons de totes les ànimes, fins les més eixarreïdes, per a fer-ne brollar una flamarada de sentiment i misericòrdia fraternal.

Tot entorn de l'entrada, assegudes en cadeires mitjanes arrambades a la paret, una renglera de dones, inmòbils i amb els braços plegats, s'estaven en postures recollides i afectant en els rostres un gest dolorós, amb les celles enlairades i els parpres caiguts. Semblaven una guarda misteriosa d'estàtues parlants, que seguïen a cor el rosari que amb veu entera i saludable deïa la dona llogada, presidint el rotlle d'allà estant, al fons de tot de la paret frontera al carrer.

*As campás repenicaban lentamente, chorosamente, con longos toques espallados e tristes que enchían o corazón de angustia. Semellaba que o campaneiro fose un artista que soubese remover o rescaldo de amor que hai no fondo de todas as almas, ata as máis enxoiadas, para facer agromar unha chama de sentimento e misericordia fraternal.*

*Arredor da entrada, sentadas en cadeiras medianas acaroadas á parede, unha ringleira de mulleres, inmóbiles e cos brazos pregados, estaban en posturas recollidas e afectando no rostro un xesto doloroso, coas cellas arqueadas e as pálpebras caídas. Semellaban unha garda misteriosa de estátuas falantes, que seguían de cor o rosario que con voz enteira e saudable dicía a muller encargada, presidindo o círculo alí mesmo, ao fondo de todo da parede que estaba fronte á rúa.*

Penjat d'un clau en un racó, el llumet d'oli parpellejava neguitosament, com un ull malalt, removent amb ses esmes de claror rovellosa les ombres insegures que, com grans cortines de glassa negra, endolaven la peça.

Més endintre, en la cuina, completament fosca, la família, aplegada, feia com un tornaveu distret al marmoteig monòton de l'entrada.

– *Pare nostre que estau en lo cel...* – deia la dona llogada, en to llastimer i sense inflexions.

– ...*Nostre pa de cada dia donau-nos, Senyor, en lo dia d'avui...* – responia més baix el cor d'estàtues adolorides.

– ...*donau-nos, Senyor, en el dia d'avui...* – zumzejava a rerassaga el murmuri apagat dintre la cuina fosca.

I es percebia una lleu fresseta de rosaris bellugats, i les campanes de la parròquia... *ning! nang!... ning! nang!...* esgranaven damunt del poble, aclofat en la pau del capvespre, son planyívol toc de difunts.

De sobte, l'avi, el viudo, s'aixecà del mig dels seus i, sense fressa, com si no toqués la terra, pujà escales amunt. Quan ja era cap als darrers graons, l'escala de fusta cruixí.

–Algú puja –bleixà la jove amb un sobresalt.

–El pare –confegi l'hereu amb veu imperceptible. I reprengueren mansament el rés.

A dalt, una feble resplendor eixia de la porteta del passadís: era la del llum que vetllava la morta.

L'avi, el viudo, entrà en la cambra: duia els braços penjant i el cap damunt del pit. Arran del cercol vermell de la barretina, girada del revés, li blanquejaven els cabells com un moixell de cànem; el mocador de merino negre, entortolligat a tall de bufanda, li tapava la barba i la boca; son pit semblava més ensotat que de costum sota el tricot, i l'esquena més sortida.

S'acostà al llit a poc a poc, arrossegant els peus, com si no els pogués fer seguir. Sobre la frescor del llençol estava estesa la difunta, tota encarcara, vestida de negre, amb els braços estirats i les mans grogues, color de llautó brut, creuades damunt del ven-

*Pendurado dun cravo nun recuncho, o candil de aceite esmoxicaba desasosegado, como un ollo doente, removendo coas súas tentativas de claridade enferruxada as sombras inseguras que, con grandes cortinas de gasa negra, enloitaban a peça.*

*Máis adentro, na cociña, completamente escura, a familia, reunida, facía como un eco distraído ao murmurio monótono da entrada.*

–Noso pai que estás no ceo.... –*dicía esta muller, en ton magoado e sen inflexións.*

– ... o noso pan de cada día dánolo hoxe... –*respostaba máis baixo o coro de estatuas dolorosas.*

– ...dánolo hoxe.... – *zumbaba atrasado o murmurio apagado dentro da cociña escura.*

*E percibíase un leve roce de rosarios axitados, e as campás da parroquia... nin! nang!... ning! nang!... espaxían sobre a aldea, acomodada na paz do sopor, o seu choroso toque de defuntos.*

*De súpeto, o avó, o viúvo, ergueuse de entre os seus, e sen ruído algún, como se non tocasse a terra, subiu escaleiras arriba. Cando xa estaba nos derradeiros chanzos, a escaleira de madeira renxeu.*

–*Alguén sube* –*murmurou a súa nora cun sobresalto.*

–*O pai* –*engadiu o herdeiro con voz imperceptible. E retomaron mansamente o rezo.*

*Arriba, un feble resplendor saía da portiña do corredor: era a da luz que velaba a morta.*

*O avó, o viúvo, entrou no cuarto: levaba os brazos colgando e a cabeza enriba do peito. Na raíz do círculo vermello da barretina, volta do revés, branquexábanlle os cabelos como un mangado de cànabo; o pano de meiriño negro, anoadado a xeito de bufanda, tapáballe a barba e a boca; o seu peito semellaba máis afundido que de costume baixo o xerseí, e o lombo máis sobresaínte.*

*Achegouse ao leito pouco a pouco, arrastrando os pés, como se non os puidese facer avanzar. Sobre a frescura da saba estaba estendida a difunta, totalmente rixida, vestida de negro, cos brazos estirados e as mans amarelas, cor de latón sucio, cruzadas*

tre; pel mig dels dits li eixien els rosaris de catxumbo, la borla dels quals, d'un blau perdut, havia relliscat cap a la cuixa esquerra i penjava, amb els torçals escabellats, com la perruca estesa d'una dona que s'estimbés. El cap reposava en el pla del llit, més baix el front que la barba, amb el mocador negre posat i un altre de color plegat i passat com una bena per les barres i lligat dalt de la closca per a evitar que es badés la boca del cadàver: i la boca, closa a la força, feia a baix de la cara una llarga tavella travessera, amb els llavis cap endins, xuclats pel trau de les genives sense dents. Arran de la tavella el nas, refilat com un bec d'ocell, ensenyava els badius, llargs, negres, badats. Els peus, sols amb mitgeta de lli, estiraven les dues plantes juntes, planeres, tètriques com mans parades que volguessin aturar als que entraven.

Malgrat l'airot que passava per la finestra, oberta de bat a bat, com bleix per la gola d'un monstre quiet, dintre la cambra se sentia un tuf estrany, tuf d'èter de la darrera medecina que la malalta havia pres, i tuf de cera dels ciris del combregar. En la tauleta de vora la porta, un gresol de fanal, dintre un platet de terra, espeternegava de tant en tant, com si tingués sal en el ble, i al costat del plat, les sabates de la difunta semblaven fer-li companyia. No les hi havien posades perquè calçar un mort porta desgràcia: el mort que se'n va calçat al cementiri, abans de l'any fa seguir un o altre de la família.

L'avi, el viudo, s'aturà vora la capçalera; tenia els ulls secs com dos bocinets de vidre entelat, i al llarg de les calces li tremolaven les mans, ron-yoses i endurides com urpes de miloca, amb aquell tremolor crònic que el feia inútil per a tota mena de treball. Aixecà el cap lentament i mirà la morta: feia més de vint anys que no se l'avia mirada així, a dretes, per impuls voluntari. Se la mirà, però com se mira una cosa que no es coneix ni es té enveja de conèixer-la: amb una mirada apagada, freda, més morta que la morta mateixa; i veié un front llis, amb la pell tibant, com encolada sobre els ossos, i un coll magre, desnerit, que groguejava entremig del gipó i els mocadors com una pellerina de sagí ranci. L'avi, el viudo, sentí que una mena d'estranyesa furgava dintre d'ell, fen-li semblar que aquella dona enrampada no havia estat mai la mateixa dona amb la qual es casà i visqué tants anys; i estranyat d'aquella estranyesa, es quedà guaitant el cadàver amb mirada fixa, com si també a ell se li haguessin aturat per a sempre més les ninetes entremig dels parpres.

*sobre o ventre; polo medio dos dedos saían os rosarios de cachumbo, a borla dos cales, dun azul perdido, esvarara cara á coxa esquerda e colgaba, coas torcidas despeiteadas, como a perruca estendida dunha muller que se esfraga. A cabeza repousaba no leito, máis baixa a fronte ca o queixo, co pano negro posto e outro de cor pregado e pasado como unha venda pola queixada e atado no alto da testa para evitar que se abrise a boca do cadáver: e a boca, pechada á forza, facía abaixo da cara unha longa engurra cruzada, cos beizos como fundidos cara a dentro, zугados polo oco das enxivas sen dentes. A carón da engurra o nariz, afiado como un bico de paxaro, ensinaba as ventas, longas, negras, abertas. Os pés, só con media de liño, estiraban as dúas plantas xuntas, tétricas como mans paradas que quixesen deter os que entraban.*

*A pesar do airiño que pasaba pola fiestra, aberta de par en par, como suspiro pola gorxa dun monstro quieto, dentro do cuarto sentíase un fedor estraño, fedor do éter da derradeira medicina que a enferma tomara, e fedor de cera dos cirios do viático. Na mesiña a carón da porta, un candil, dentro un pratiño de barro, estralaba de cando en cando, como se tivese sal na torcida, e ao lado do prato, os zapatos da defunta semellaban facerlle compañía. Non llos puxeran porque calzar un morto trae desgraza: o morto que vai calzado ao cemiterio, antes dun ano fai que o siga un ou outro da familia.*

*O avó, o viúvo, detívose ao bordo da cabeceira; tiña os ollos secos como dous anaquiños de vidro embazado, e ao longo das calzas tremían-lle as mans, sucias e endurecidas como poutas de curuxa, con aquel tremor crónico que o facía inútil para toda clase de traballo. Ergueu a cabeza lentamente e mirou a morta: facía máis de vinte anos que non a miraba así, directamente, por impulso voluntario. Mirábaa, pero como se mira unha cousa que non se coñece nin se desexa coñecer: cunha mirada apagada, fría, máis morta que a morta mesma; e viu unha fronte lisa, coa pel tirante, como encolada sobre os ósos, e un colo magro, fraco, que amarelecía entre o xibón e os panos como un pelullo de unto rancio. O avó, o viúvo, sentía que unha especie de estrañeza furgaba dentro del, facéndoo sentir que aquela muller irta non sería nunca a mesma muller coa que casara e vivira tantos anos; e estrañado daquela estrañeza, quedou observando o cadáver coa mirada fixa, como se tamén a el se lle parasen para sempre as meniñas no medio das pálpebras.*

Mentrestant, per la gola fosca de la finestra seguien entrant els planys adolorits:

–*Pare noste que estau en lo cel...*

–*Ning! ...nang... ning! ...nang!...*

–*perdonau nostres culpes així com nosaltres perdonam...*

I pel trauc de l'escala s'enfilava suaument el murmurí rerasagat de la cuina:

–*...com nosaltres perdonam... nostres deutors...*

De sobte, per l'espessitud quieta del cervell de l'avi, hi passà la llum d'un pensament com passa un raig de lluna per la clariana d'una selva primitiva. Pensà que aviat aquelles campanes tornarien a brandar a morts, i les dones, immòbils, a resar el rosari en l'entrada. Sinó que ell ja no ho sentiria: ell s'estaria enrampat, ert, sobre aquell llit matrimonial, allà mateix on ara s'estava la dona. Aquell pensament fou clar, d'una claredat esblaimada i neta; però a l'avi el deixà serè i tranquil com si mai hagués passat per les tenebres del seu cervell, com si no li hagués fet veure res. Ni el cor reforçà gens son tic-tac arrítmic i feble de maquineta gastada, ni els vidres entelats relluïren al pas d'una llàgrima. Ell ja sabia que era vell i que els vells s'han de desprendre de la vida com es desprèn de l'arbre el fruit madur. Això era natural, i lo natural no tenia res d'esparverador per a l'avi. Cada company o companya del seu temps que se n'anava, semblava ensenyar-li el camí i fer-li senyal perquè el seguís; i ell estava disposat a seguir-los sense fer-se pregar. Al capdavant "què tenia de fer-hi en aquest món?", es deia. A la seva hora havia complert com un home, mes ja no podia aixecar el tràmec ni engrapar el podall, i feia temps que l'hereu i la jove duïen el regiment de la casa i no hi tenien prou lloc per a encabir-hi els menuts. Calia, doncs, fer-ne, de lloc: aquella cambra pidolava hostes nous, i ell, l'avi, els la deixaria de bon grat. Ara, a més dels seus companys, ja el cridava allà al cim la dona, la que li allargava la mà per ajudar-lo a travessar la passera que separa un món de l'altre. Que ho fes ben aviat, com més aviat millor!... I l'avi mirà la morta, com fent-li present aquell secret desig, amagat darrera ses ninetes entelades i fixes. Mes, com si de prompte el sobtés la por de que la dona havia d'oblidar-se d'ell i deixar-lo solitari sobre la terra, tingué una inspiració per a fer-li memòria.

*Entrementres, pola gorxa escura da fiestra seguían entrando os prantos dolorosos:*

–*Noso pai que estás no ceo...*

–*Ning!...nang... ning!... nang!...*

–*perdoa as nosas ofensas así como nós perdoamos...*

*E polo oco da escaleira enfiábase suavemente o murmurio atrasado da cociña:*

–*...como nós perdoamos... a quen nos ten ofendido...*

*De súpeto, pela espesura quieta do cerebro do avó, pasou a luz dun pensamento como pasa un raio de lúa polo claro dun bosque primitivo. Pensou que axiña aquelas campás volverían tocar a morto, e as mulleres, inmóbiles, rezar o rosario na entrada. Porén el xa non o sentiría: el estaría teso, irto, sobre aquel leito matrimonial, alí mesmo onde agora estaba a muller. Aquel pensamento foi claro, dunha claridade esluída e limpa; mais ao avó deixouno sereno e tranquilo como se nunca pasase polas tebras do seu cerebro, como se non lle fixese ver nada. Nin o corazón reforzou en absoluto o seu tic-tac arrítmico e feble de maquinaña gastada, nin os vidros embazados reluciron ao paso dunha bágoa. El xa sabía que era vello e que os vellos teñen que se desprender da vida como se desprende da árbore o froito maduro. Isto era natural, e o natural non tiña nada de pavoroso para o avó. Cada compañeiro ou compañeira do seu tempo que marchaba, semellaba ensinarlle o camiño e facerlle un sinal para que o seguise; e el estaba disposto a seguiilos sen facerse de rogar. Ao fin e ao cabo "que tiña que facer neste mundo?", diciase. Na súa hora cumprira como un home, mais xa non podía levantar a aixada, nin empuñar a gadaña e había tempo que o herdeiro e a nora levaban o mando da casa e non tiñan bastante espazo para meter os pequenos. Cumpría, pois, facer sitio: aquel cuarto precisaba hóspedes novos, e el, o avó, deixaríalle de bo grao. Agora, ademais dos seus compañeiros, xa o chamaba desde alá arriba a muller; quen lle alongaba a man para axudalo a atravesar a pasarela que separa un mundo do outro. Que o fixese ben axiña, canto máis axiña mellor!... E o avó mirou a morta, como facéndolle saber aquel desexo secreto, agochado detrás das súas meniñas embazadas e fixas. Mais, como se de súbito o sorprendese o medo de que a muller se había esquecer del e o deixaría solitario sobre a terra, tivo unha inspiración para facerlle o acordo.*

A poc a poc, arrossegant els peus que no el volien seguir, amb el cap sobre el pit ensotat i l'esquena més sortida que mai, s'apartà del llit i s'acostà a la tauleta, allargant ses mans trèmules; i semblà que en veure aquella acció del vell les dues sabates de vellut, germanívolament aparellades i mogudes per un impuls misteriós, s'avançaven cap a ell perquè les agafés més aviat.

I l'avi les agafà, tornà cap al llit, i a la claror pampalluguejant del gresol, que espeternegava com si tingués sal en el ble, calçà tranquil·lament, serenament, els peus enrampats de la morta.

Per la gola negra de la finestra entraven dintre la cambra les darreries somortes del rosari que s'acabava, i l'espaiós i desolat *ning!...nang!...* de les campanes.

*Aos poucos, arrastrando os pés que non o querían seguir; coa cabeza sobre o peito afundido e o lombo máis sobresaínte que nunca, afastouse do leito e achegouse á mesiña, alongando as súas mans trémulas; e semellaba que ao ver aquela acción do vello os dous zapatos de veludo, irmandadamente emparellados e movidos por un impulso misterioso, avanzaban cara a el para que os collese máis rápido.*

*O avó colleunos, volveu ao leito, e á claridade escintilante do candil, que tremelucía como se tivese sal na torcida, calzou tranquilamente, serenamente, os pés tesos da morta.*

*Pola gorxa negra da fiestra entraban no cuarto os estertores apagados do rosario que remataba, e o espallado e desolador nin!...nang!... das campás.*